

**PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA**

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 12 de xuño ás nove trinta horas (9.30 horas), e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, o día 13 de xuño de 2019, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

**ORDE DO DÍA**

**Primeiro.-** Aprobación, se procede, da xestión social realizada polo Consello de Administración durante o exercicio 2018.

**Segundo.-** Exame e aprobación, no seu caso, das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2018.

**Terceiro.-** Aplicación do resultado obtido no exercicio do 2018.

**Cuarto.-** Reelección, se procede, do nomeamento de conselleiros do Consello de Administración cuxo prazo está próximo a vencer e polo prazo estatutario.

**Quinto.-** Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ó mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitue o obxeto social da Sociedade, se procede.

**Sexto.-** Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

**Sétimo.-** Rogos e preguntas.

**Oitavo.-** Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Faise constar expresamente o dereito dos accionistas da Sociedade, de conformidade co establecido no artigo 272 da Lei de Sociedades de Capital, de examinar no domicilio social os documentos sometidos á aprobación da Xunta. Os accionistas terán dereito á entrega ou envío gratuito de tódolos documentos mencionados.

Igualmente, comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Finalmente, infórmase aos señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrábase probablemente en segunda convocatoria.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 8 de maio de 2019.

A Vicepresidenta do Consello de Administración, D<sup>a</sup>. Patricia Argerey Vilar, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

